



[www.iglesiaporeltrabajodecente.org](http://www.iglesiaporeltrabajodecente.org)  
[info@iglesiaporeltrabajodecente.org](mailto:info@iglesiaporeltrabajodecente.org)

## Ante a exclusión, traballo decente

Neste 8 de marzo de 2026, Día Internacional da Muller, desde a iniciativa Igrexa polo Traballo Decente alzamos a voz para lembrar que non poderemos construír unha sociedade xusta mentres millóns de mulleres sigan vivindo en condicións de exclusión, precariedade laboral e desigualdade. Este novo ano pastoral iniciámolo escoitando con atención a invitación do Papa León XIV, quen nos chamaba a “ser unha Igrexa próxima ao mundo do traballo, compasiva e encarnada, para que o anuncio do Evanxeo se converta en presenza concreta de consolo e esperanza, pero tamén en palabra profética que lembre a importancia de garantir o traballo para todos”. Estas palabras, dirixidas a toda a Igrexa, resoan de maneira especial hoxe, cando miramos a realidade de tantas mulleres para quen o traballo non é fonte de vida, senón causa de sufrimento, risco ou discriminación, cando non de abusos.

Este ano, desde ITD propoñemos como eixo central para o 8 de marzo, **introducir na nosa reivindicación os efectos das novas tecnoloxías no mundo do traballo, como un elemento que afecta directamente ás mulleres.**

Nos últimos tempos, vemos como a dixitalización, a introdución de plataformas e a IA avanza con rapidez e redefinen o acceso ao traballo, a formación, a participación social e o exercicio de dereitos. Con todo, non todas as persoas camiñan ao mesmo ritmo. Non dispor de dispositivos, conexión estable ou competencias dixitais implica quedar fóra de oportunidades laborais, formativas e administrativas. É unha vulnerabilidade silenciosa que multiplica todas as demais.

O informe FOESSA revela que un terzo dos fogares vulnerables, moitos deles encabezados por mulleres, vive en «apagamento dixital». Por outra banda, os fogares en pobreza severa combinan o 35% sen conexión estable co 34% sen destrezas.

Esta problemática agrava a desigualdade porque hai moitas mulleres que non poden inscribirse a unha oferta de emprego ou iniciar os trámites esenciais para a súa legalización porque a plataforma é demasiado complexa. Mulleres con traballos feminizados, ou atrapadas en empregos precarios como no caso dos coidados ou o mundo rural, que non dispoñen de tempo nin de recursos para adquirir competencias dixitais, o que lles vai a imposibilitar saír da situación na que se atopan, sen esquecer a problemática de homes e mulleres de idade avanzada.

A estes factores, engádeselles que a participación das mulleres no desenvolvemento de plataformas e a Intelixencia Artificial, que están presentes en todos os ámbitos da nosa vida e moitos traballos, é mínima. Os programadores son basicamente homes brancos, o que provoca un rumbo moi perigoso para as mulleres de hoxe e máis aínda para as do mañá, e por tanto para a humanidade, se non conseguimos reverter esta situación.

É tarefa de toda a sociedade, coas súas institucións, facilitar os recursos para que as mulleres poidamos reducir a fenda dixital de xénero, que non é só técnica: é unha brecha de dignidade. Cando a tecnoloxía se converte nun filtro que decide quen accede a un traballo ou quen queda fóra, a desigualdade adopta novas formas, máis sofisticadas, pero igualmente inxustas.

Como Igrexa, non podemos permanecer indiferentes e por iso, neste 8 de marzo, Igrexa polo Traballo Decente afirma con rotundidade:

- Que o traballo digno é un dereito inalienable e unha expresión concreta do amor cristián.**
- Que a tecnoloxía debe estar ao servizo da vida e da igualdade.**
- Que é urxente transformar as estruturas laborais inxustas que afectan ás mulleres.**
- Que a participación de todas e todos é o camiño imprescindible de transformación social.**
- Que a Igrexa debe seguir encarnada no mundo do traballo.**

